



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1  
15214 Lousame  
A Coruña  
981 82 04 94  
www.concellodelousame.com  
concellodelousame@concellodelousame.com  
C.I.F. P-1504300-c

## **RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA.-**

**Asunto:** Decreto aprobación lista de admitidos/as e excluídos/as provisionais. Apertura Bolsa de Emprego Terapeuta Ocupacional Centro de día do Concello de Lousame.

**Expediente:** 2023/G003/000666 – 2023/E001/000011 – 2022/E001/000001

María Teresa Villaverde Pais, Alcaldesa do Concello de Lousame, e no uso das facultades conferidas pola lexislación vixente en materia de réxime local.

Á vista dos seguintes antecedentes:

- Decreto núm. 7/2022 do 13.01.2022 no que se aproban as bases que rexen a formación dunha bolsa de emprego constituída para contratacións laborais temporais de Terapeuta Ocupacional para o Centro de día do Concello de Lousame, e no que se recolle a posibilidade de apertura da bolsa para a incorporación de novos candidatos e actualización dos méritos dos xa integrantes da mesma.
- Memoria da Alcaldía do 07.09.2023, da necesidade da apertura da bolsa de emprego.
- Decreto núm. 534/2023 de data 15.09.2023 polo que se aproba a apertura da bolsa de emprego de Terapeuta Ocupacional para o Centro de día do Concello de Lousame.
- Detectado un erro no rexistro da instancia da candidata Andrea Gómez Otero.

A vista do anterior e das instancias presentadas, en aplicación do disposto na Base Décima, **RESOLVO:**

**PRIMEIRO.-** Corrixir e aprobar a seguinte lista provisional de admitidos/as e excluídos/as do proceso de selección para a incorporación de novos candidatos, e actualización dos xa integrantes, na bolsa de emprego para realizar contratacións laborais temporais de Terapeuta Ocupacional do Centro de día do Concello de Lousame:

	<b>Nome:</b>	<b>Admitido:</b>	<b>Causa:</b>
1	Cal García, Ana	NON	Non presenta a documentación esixida nas bases da convocatoria.
2	Insua Vázquez, Paula	SI	
3	Gómez Otero, Andrea	SI	

**SEGUNDO.-** De acordo coa Base Décima das que rexen o presente procedemento concédese un prazo de tres (3) días hábiles para reclamacións e /ou para a emenda dos defectos de documentación, ben entendido que non se considerará deficiencia ou erro a falla de presentación de documentación.

**TERCEIRO.-** Publicar a presente resolución de admitidos/as e excluídos/as provisionais no taboleiro de anuncios do Concello máis no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello: (<https://sede.lousame.es/opencms/es/informacion/tablon/>) de acordo co disposto na base undécima.

*Asinado en Lousame, por medios electrónicos, pola Alcaldesa, M<sup>a</sup> Teresa Villaverde Pais; do que eu, José Martínez Redondo, como secretario accidental e para os únicos efectos de fe pública, dou fe (R.D.128/2018, do 16 de marzo).*

